

As Denominacións de Orixe reforzan a súa aposta pola unidade ante os retos sectoriais

A **Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas**, a organización que representa ás denominacións de orixe de viño, celebrou o 11 de marzo, na D.O. Campo de Borja, a súa **XXIX Asemblea Xeral**. A reunión do máximo órgano de goberno da organización acordou aumentar os recursos internos da organización, reafirmando así a decidida aposta pola defensa dos intereses colectivos e a unidade do conxunto das DDOO.

O venres, 11 de marzo, no Museo do Viño da D.O. Campo de Borja (no Mosteiro de Veruela), tivo lugar a **XXIX Asemblea Xeral da Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas (CECRV)**, a asociación que representa ás denominacións de orixe de viño a nivel nacional. O encontro contou coa asistencia de 56 representantes dunha ampla maioría das máis de 50 DDOO que forman parte da organización **onde non falta a D.O. Ribeira Sacra**.

A reunión permitiu, desde o punto de vista da organización interna, aprobar **máis recursos para a Conferencia**, nunha clara mostra da vontade das denominacións de orixe polo crecemento da organización. Así mesmo, serviu para expoñer, analizar e debater, por parte do conxunto das DDOO que forman parte de CECRV, as **reformas de políticas da Unión Europea que afectan directamente ao sector** e que cristalizarán, no que resta de ano, en propostas legislativas sobre o sistema de indicacións xeográficas, a promoción de produtos agroalimentarios e a etiquetaxe de bebidas alcohólicas. E, por último, a XXIX Asemblea Xeral de CECRV deu a coñecer ás DDOO os resultados do **estudo sobre a sustentabilidade ambiental das denominacións de orixe** que realizaron o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e CECRV.

Desde o punto de vista interno, a organización sae desta Asemblea con máis recursos para aumentar os servizos e as actividades da organización. O obxectivo, que as denominacións de orixe de viño sigan sendo unha parte central e casos de éxito no marco dos retos derivados da actual política de reformas da UE, que se materializarán en propostas legislativas nos próximos meses, a partir das prioridades políticas da Unión (Pacto Europeo Verde, Reforzo da Unión Europea da Saúde...), coa sustentabilidade e o fomento de dietas equilibradas e saudables como eixos sobre os que pivotarán boa parte das modificacións legislativas que incumbirán ao sector, en termos de xestión das indicacións xeográficas, promoción e etiquetaxe.

Iso, sen deixar de prestar atención a unha posible reordenación de prioridades das políticas públicas, tanto a nivel comunitario, como a nivel nacional, derivadas do **incerto e cambiante escenario xeopolítico internacional** xerado pola agresión militar de Rusia a Ucraína. En relación coas consecuencias deste conflito internacional e poñendo por diante sempre o drama humanitario, como a necesidade máis urxente que debe ser atendida, preocupan tamén a subida de prezos e a dispoñibilidade dos insumos, así como do custo da enerxía, ademais das perdas económicas que estes mercados están a xerar a numerosos operadores e ao sector no seu conxunto. Por todo isto, ante a excepcionalidade da situación, desde CECRV **solicítase ás administracións un**

aprazamento na tramitación, aprobación ou aplicación de calquera iniciativa legislativa que neste momento poida dificultar ou encarecer a actividade agraria.

Con todo, a XXIX Asemblea Xeral de CECRV serviu tamén para presentarlle aos membros da organización os resultados do **estudo de sustentabilidade ambiental das denominacións de orixe de viño**, realizado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e CECRV. O estudo, ademais de significar as iniciativas de sustentabilidade ambiental máis importantes xa implantadas a nivel nacional e internacional, identifica con claridade ás denominacións como ferramentas de sustentabilidade, deixando constancia do que xa fan, das liñas de avance e mellora continua neste ámbito e da diferenciación e complementariedade do papel para desempeñar nesta materia por parte dos consellos reguladores, como motores de cambio colectivo, de formación e sensibilización dos operadores, así como facilitadores de ferramentas que permitan reducir custos e contar con apoio técnico para o conxunto de membros dunha D.O.

A reunión celebrouse no marco dun programa de actividades máis amplo, organizado polo C.R.D.O. Campo de Borja e desenvolvido entre o 10 e o 12 de marzo, que permitiu aos consellos reguladores de CECRV coñecer máis e mellor as particularidades e potencialidades dunha zona de produción que se identifica por unha decidida e sostida aposta no tempo pola Garnacha, variedade principal da D.O.